

Autoprotección escolar



Instrucciones para o alumnado

1ª norma

O alumnado seguirá as indicacións do profesorado. ninguén actuará por conta propia



2ª norma

As persoas ás que se encomendasen funcións concretas deberán responsabilizarse do seu cumprimento e colaborar no mantemento da orde do grupo



3ª norma

O alumnado non recollerá os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras



4ª norma

As persoas que estean nos aseos ou en calquera outro lugar, ao soar a alarma, abandonarán o centro co grupo máis próximo e, unha vez fóra, incorporaranse rapidamente ao seu grupo.





5ª norma

Realizaranse todos os movementos con rapidez e orde, nunca correndo ou empurrando os demais



6ª norma

Ninguén deberá deterse onda as portas de saída



7ª norma

No caso de que exista algún obstáculo debe ser apartado polas primeiras persoas que o vexan, se é posible, para que non provoque caídas



8ª norma

Ninguén volverá atrás, sexa cal sexa o pretexto



9ª norma

Os grupos de clase permanecerán unidos e dirixiranse ao lugar de seguridade sinalado no plano, para facilitar o control por parte do profesor-a



10ª norma

No caso de inundación de fume de corredores e escaleiras o grupo permanecerá na aula, cerrando portas e xanelas, e colocando panos mollados nas xuntas se é posible; desde a xanela intentarase avisar ao exterior.